

Ourense
construirá un
aparcadoiro
disuasorio nas
Lagoas



Páxina 9

Medidas de
apoio para os
comerciantes
da Mariña



Páxina 10

Burela contará
con nova
estación
depuradora



Páxina 13

A estación de
autobuses de
Lugo terá nova
cuberta



Páxina 14

A Ribeira Sacra
será candidata
a Patrimonio
Mundial da
Unesco en
2021



Páxina 16



Ourense construirá no barrio da Ponte o maior parque urbano da cidade

Páxina 10

Entrevista



Pilar García Negro

“Nos últimos anos
programouse unha exclusión do
galego de todos os ámbitos
máis profunda da que existía”

Páxina 7



CENTRO MÉDICO
progreso

Financiamos en
cómodos plazos



Nº RS C-32-001048

ORTODONCIA

CONCERTADO CON
ASEGURADORAS

¡CAMBIA YA TU SONRISA!

C/ Progreso N° 143, Ourense

www.cmprogreso.es



988 616 758

Opinión

Por José Paz Rodríguez (Professor aposentado da Universidade de Vigo, Presidente da ASPGP e Académico da AGLP)

A festa popular dos Maíos é a mais antiga

“Desde que me reformei vou todos os anos à minha terra para ver a festa dos Maíos, pela que sempre tive grande agarimo. Chego a Ourense no día 28 ou 29 de abril, no día 30 vou dormir a Ponte Vedra, para no día 1º ver os maíos ali, em Marim e mais em Redondela”. No ano 1969 escribía isto o ourensano José Ramon e Fernández-Ojea (Bem-Cho-Shei). No día 3 de maio, durante muitos anos, este galego de alma e corazón, nunca faltava à convocatória dos maíos ourensanos.

Jamais lhe pagaremos o legado que nos deixou, a sua excelente biblioteca e infinidade de fotos e coplas desta formosa festa de amor à vida, à natureza e ao amor. Festa que permanece, apesar de viver na época dos videojogos e telemóveis de última geração. Isto só se explica por ser a festa mais antiga, nascida já nos momentos finais do Paleolítico, e, em concreto, no “magdaleniano”. Tendo grande esplendor nas culturas médio-orientais e nas greco-latinas. Em Roma, por exemplo, durava todo o mês de maio, período em que se organizavam todas as festividades de honra a deuses e deusas relacionadas com a na-

Ourense os maiores investigadores desta festa, como Clodio González Pérez, Taboada Chivite, Vicente Risco, Joaquim Lourenço, Filipe Seném López Gómez, J. A. Tarrio, Xavier Paz, e eu mesmo. E acima de todos eles Bem-Cho-Shei. Com quem concordo plenamente. Especialmente quando assinala que esta era a festa na honra das deusas do amor. Vénus em Roma, Afrodite na Grécia, Astarté no Egipto, Istar em Assíria e Milita na antiga Babilónia, que vem a coincidir quase com o território atual do Iraque. Bem-Cho-Shei dizia ademais, e também em isso concordo, que a palavra “Maia” quer dizer em sânscrito “ilusão”. E esse é o verdadeiro significado dos maíos que se celebram na primavera em muitos lugares do planeta. “É a festa da ilusão e da alegria, da primavera e da juventude, da tradição renovadora, da esperança e do relembrar, das flores e das crianças, da prosa e da poesia e, especialmente, da vida e do amor, tão profundamente ligados”, continuava a dizer o nosso galego exemplar.

Houve uma época em que, com grande acerto, a Câmara Municipal de Ourense cuidava a organização do ciclo anual das



perar na cidade, voltando-a para o três de maio, como sempre foi. Todos os rapazes ficavam surpreendidos quando lhe comentava que a festa do Natal não era a mais antiga, como equivocadamente pensavam, senão a dos Maíos, surgida aos finais do Paleolítico. O ciclo básico das festas tem como celebrações fundamentais, e em muitos casos com um ciclo próprio das mesmas, os Magustos, o Natal, o Entrudo, os Maíos, o Corpo de Deus, as Fogueiras ou Cacharelas do S. João e depois no verão as festas de cada localidade. Por estarmos imersos na cultura cristã, em muitas das nossas festas, como é natural, há um senso profundo relacionado com o cristianismo e as suas figuras. Cada uma destas festas tão formosas e tão importantes, deveriam incluir-se no currículo do ensino infantil, primário e secundário. Desenhando unidades didáticas globalizadas e interdisciplinares, por meio das quais se podem trabalhar todas as áreas e disciplinas do ensino: língua, matemática, história, ciências, geografia, ecologia, teatro, jogos, música, plástica, educação física, idiomas e educação artística. O meu livro A festa dos maíos na escola, roteiro didático editado pela ASPGP em 1998, apresenta, por exemplo, um plano de atividades a desenvolver nas aulas e em todas as matérias sobre essa formosa


festa que é a dos Maíos. Festa do amor e da vida, festa ecológica por antonomásia. Festa popular com grande interesse pedagógico, pelo que é muito importante a realização de atividades culturais, didáticas e educativas, de forma coordenada, nos nossos estabelecimentos de ensino, arredor dela. Que, para que sobreviva, tem que promover-se entre os mais novos. As crianças e jovens são o nosso futuro e o da nossa cultura própria. Na Galiza, ademais de em Ourense, também se celebra esta formosa festa em Ponte Vedra, Marim, Vilagarcía, Redondela, Poio, O Barco, Verim, Alhariz, Laza, Carvalhinho e Monforte, entre outros lugares. Na comarca do Berço, e, em concreto, na localidade de Vila Franca ainda, por sorte, se celebram e se conservam os maíos humanos, que são os mais antigos e mais autênticos. Infelizmente, este ano de 2020, com a infame pandemia que estamos a padecer, só podemos lembrar em fotos de anos anteriores a festa, pois em direto é de tudo impossível, ao não poder celebrar-se nos múltiplos lugares nos que sempre se comemorou, com grande participação popular e com o canto das coplas diante de cada maio, interpretadas pelos grupos e coletivos participantes na elaboração dos maíos artísticos, engebres e humanos.



tureza, o mundo vegetal, animal e humano. A segunda razão é que é a festa do amor, e sem amor não há vida. A cidade de Ourense (“Auriensis”), que como todos sabem tem origem romana, foi um lugar onde a festa teve sempre maior enraizamento. Por isso tampouco deve admirar que sejam de

festas populares, fomentando a participação entre os escolares dos estabelecimentos de ensino da cidade. Para o qual enviava às escolas investigadores sobre as mesmas, que pronunciavam palestras sobre elas. Eu ia entusiasmado falar-lhes da que mais gosto, a dos “Maíos”. Que temos que recu-

FUCO PRADO



Editorial

Por Guillermo Rodríguez, Director



Homo homini lupus

Esta locución foi creada polo comedígrafo latino Plauto (254 -184 a.C.) na súa obra "Asinaria". Como contrapunto a esta frase Séneca escribiría que "o home é algo sagrado para o home".

Pero quen popularizou a frase todos pensamos que foi o filósofo inglés Thomas Hobbes, a quen estudiamos algo cando fomos estudantes de bacharelato e logo máis tarde nas nosas lecturas.


Houbes fala do egoísmo humano que a sociedade tenta corrixir para mellor facilitar a convivencia. Aínda que a evolución humana teña permitido que a especie humana colonizara practicamente todo o planeta Terra hai autores que pensan que os individuos son o peor inimigo para a propia especie.

Non seremos nós quen lle enmenden a plana. Non temos máis que deternos nas guerras que o individuo provoca, na fabricación de armas que van destinadas exclusivamente a matar conseguindo grandes beneficios no seu tráfico. Os dirixentes políticos (falaremos logo dos relixiosos) matan, violan, expolían, infrinxen todo tipo de Dereitos Humanos que, curiosamente, teñen sido declarados co seu be-

neplácito. As guerras provocadas polas ansias de poder destrúen millóns de persoas a cada ano. A Segunda Guerra Mundial superou os 50 millóns de persoas mortas, máis os que quedaron lisiados para toda a súa vida restante, pero as actuais guerras en Oriente Medio non se quedan atrás.

Grupos humanos practican o exterminio ou eliminación sistemática doutros grupos sociais polo sinxelo argumento de que practican outra relixión ou credo ou pertence a outro grupo étnico. Atentados terroristas inducidos por grupos políticos que teñen como obxectivo destruír o adversario que consideran inimigo. As persoas que estiveron ou están desempeñando cargos políticos amparándose no que chaman "Razón de Estado" atemorizan á poboación para conseguir o seu control social e así alcanzar os seus obxectivos políticos ou militares. Os secuestros, as desaparicións, a tortura, son métodos cotiáns; dánse en todas as latitudes e son aceptados por todos.

Asistimos ao tráfico ilegal de persoas adultas (prostitución) como de nenos/as (pederastia). Aquí non se salvan nin



sequera os que din falar e actuar en nome de Deus que nos últimos tempos nos veñen mostrando a súa cara máis sinistra. Quen ía pensar, sen ser tildado de anticlerical, que sacerdotes, bispos e cardeais tiñan e teñen abusado de menores ao seu cargo.

Estamos asistindo a momentos nos que

parece que a especie humana, lean os nosos representantes políticos, foran feras famentas dispostas a saltarlle á garganta aos seus adversarios políticos, véndoos como inimigos a destruír. O Parlamento do Estado máis parece un foso romano que o lugar onde os individuos deben enfrontar as súas ideas para mellorar a sociedade a que dixeron estaban dispostos a servir. Aquí non lles vale que esteamos pasando por momentos realmente serios, sanitariamente falando, que teñamos as nosas vidas nas mans dun descoñecido bicho (léase virus) que nos trae a todos de cabeza. Os nosos políticos, algúns, disparan contra o Goberno do país como se fora o inventor do tal virus. Os seus intereses de grupo político están por enriba das nosas vidas, as que, segundo parece, lles importan un pataco.

Efectivamente, tanto Hobbes como Plauto teñen razón: homo lupus homini (o home é un lobo para o home). Teñan coitado, tanto do virus coma dos políticos. Todos nos van facer dano.

Sexan felices se poden e saian á rúa con moito siso. As cousas non están como para botar foguetes.

Por Nicolás Xamardo González - Profesor Colaborador honorario da UPV / EHU

Gernika e El Guernica

O pasado 26 de abril celebrouse o 83 aniversario do bombardeo de Gernika. É sabido que a pintura de Picasso, El Guernica, actualmente no museo Reina Sofía de Madrid, difundiu a masacre da Vila Foral en todo o mundo, bombardeada pola Legión Cóndor alemá e pola Aviación Lexionaria italiana, que loitaban a favor do bando fascista, sublevado

contra a República.

Esta obra de arte, como todas as obras mestras, apoia a dialéctica entre o singular e o universal: El Guernica, ao mesmo tempo, faise universal desde Gernika e universaliza Gernika. A pintura, tras unha serie de vicisitudes, foi trasladada de Nova York a España en 1981, durante o mandato de Calvo Sotelo. Sabemos que

os deputados do PNV, no Congreso dos Deputados de Madrid (maio de 1988), solicitaron expoñer a pintura de Picasso no País Vasco. O que non sabíamos é que, "grazas ao PNV", a pintura auténtica non está na Vila Foral, senón en Madrid. Teñamos en conta, como nos di Jorge Oteiza nun artigo publicado no Correo Español en 1988, que Pablo Picasso enviou unha mensaxe ao presidente Agirre para solicitar a pintura por escrito, considerando que pertencía aos vascos. Por que esta solicitude nunca chegou a Picasso? Debido

a que o "experto" en arte do Goberno vasco, o pintor Uzelay, asesor e director de Belas Artes, informa ao Goberno vasco de que El Guernica "es una mamarrachada, una tomadura de pelo.". Estamos a falar do ano 1937. E aínda no ano 1962, Joseba Rezola, ex secretario de Defensa e axudante do lehendakari Agirre, manifestou a Oteiza e Basterretxea, convidados a colaborar nun número especial da revista Gernika, con motivo do 25 aniversario do bombardeo, que " El Guernica no interesaba".

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Manso Preto – João Martinho.**MADRID:** –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.**CANARIAS:** Fco. Puñal. **NOVA IORQUE:** Fco. Alvarez (Koki)**Fotografía:** Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.



Depósito legal: VG-138-2015

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

A ideoloxía por riba da eficacia.

Nos Estados federais ou plurais da Europa (Alemaña, Suíza, Austria, o Reino Unido...) a xestión da pandemia axustouse á distribución do Poder entre os Gobernos centrais e os Gobernos territoriais, ao mandato xurídico e lóxico da subsidiariedade: os Gobernos próximos coñecen moito mellor os recursos e as necesidades do territorio e, ademais, son os que contan cos medios persoais para enfrontar o perigo (sanitarios, servizos sociais, bombeiros, policía ou Protección Civil).

O Estado español xestiona a sanidade descentralizadamente dende 2002 (1991 no caso de Galicia, 1982 no de Catalunya e 1988 no de Euskadi). Logo o Goberno central era consciente da falla de medios e de “ex-

pertising” do Ministerio de Sanidade para enfrontar a pandemia como Mando Único. Porén, acordaron esa desaquelada recentralización, que fracasou gravisamente na súa política de centralización de compras.

No desconfinamento, Pedro Sánchez manifestou o seu propósito de continuar co estado de alerta até o 1 de xullo e de reter o Mando Único, malia que esta decisión lle obrigara prescindir de moitos dos aliados da investidura (ERC, EH BILDU, BNG) e botar mán da dereita de Cs. Un troco de socios que vai dereitizar substancialmente a política social e económica contra os efectos financeiros da pandemia.

Por qué o Goberno do Estado está a elixir políticas máis ineficaces? Por qué

arrisca a súa política social e de rendas? Primeiro, pola mentalidade centralista da esquerda española. Despois, pola ideoloxía unionista e recentralizadora da maioría das direccións do PSOE e do PSC. Non por acaso o ministro Salvador Illa copresidiu como máximo representante do PSC a demostración



unionista, nomeadamente monopolizada polo extremismo, do 8-Ou de 2017 en Barcelona.

O 27-Ou de 2017 os senadores do PSOE e PSC, canda os de Cs e PP acordaron un

155 que supuxo a disolución do Parlament catalán e o cesamento do Presidente da Generalitat e do seu Govern. Daquela moitos constitucionalistas



denunciaron esta decisión, porque o 155 podería, cando máis, limitar o autogoberno, nunca suspendelo ou suprimilo. A decisión do Goberno do Estado foi aprobada pola maioría do Senado (PP-Cs e socialistas)

A aplicación do 155 en 2017 e do estado de alerta de 2020 amosa de vez quen é o Poder Soberano para o Madrid político, no sentido que lle deu o xurista filonazi Carl Schmitt, amosa de vez o prescindíbel para ese Madrid político-e para o deep state- da organización autonómica e, xa que logo, do dereito de Galicia a se gobernar por si propia.

A catástrofe humanitaria de Domus Vi

Das 600 persoas mortas pola Covid-19 en Galicia un 46% morreron nas residencias da terceira idade. E máis do 25% nas residencias de Geriatros e demais sociedades do grupo Domus Vi, sobranceando os 50 mortos dos 150 residentes de San Lázaro-Santiago de Compostela e as 29 persoas mortas na Residencia de Aldán-Cangas (dun total de 100 infectados sobre 142 residentes), e 27 de Barreiro-Vigo. A primeira non foi entrevistada pola Xunta e as outras dúas si.

Estes números chocan cos das residencias públicas onde case non houbo infectados nin, xa que logo, falecidos. E teñen moito a ver coa xestión do servizo sociosanitario

que os distintos actores privados desenvolven no noso País diante da negligente actuación da Xunta de Galicia, na súa tripla función de comitente dps contratos públicos de xestión das residencias públicas de xestión privada, concertadora das prazas financiadas con fondos públicos nas residencias de xestión privada e Administración competente para a autorización de apertura e inspección do funcionamento dos operadores privados neste eido asistencial.

Ademais chove sobre mollado. O Consello de Contas denunciaba no seu informe de 2017 que no 2014 houbo 65 actas de inspección e no 2015 57 que constataron graves incumprimentos en residencias de

xestión privada. Moitos destes incumprimentos atinxían ao miolo da cuestión: o incumprimento dos ratios mínimos de persoal (0,35 traballadores/persoa dependente usuaria). En ningún destes casos resolveríase a deficiencia nas seguintes visitas inspectoras. En ningún destes casos a Xunta seguiu un procedemento sancionador nin impuxo sanción ni medida correctora ningunha. Mentres, o presidente da Xunta, preguntado “ad hoc” no decurso das súas comparecencias cotiáns durante esta tempada de pandemia, negou tres veces (como San Pedro no Evanxeo) coñecer un informe que constitúe de seu unha das preocupacións anuais sobranceiras das persoas que ocupan un alto cargo na Xunta de Galicia.

U-la causa da catástrofe humanitaria nas residencias de xestión privada de Domus Vi e doutros operadores fronte á

ausencia de casos nas públicas do Consorcio Galego de Servizos Sociais? Porqué no primeiro caso estase a gañar cartos, malia que non se cumpran as ratios de asistencia e no segundo estase a coidar das persoas usuarias.

Cando semella que o perigo desta primeira ondata da Coivid-19 está a pasar falta aínda un mea culpa do Presidente da Xunta que permitiu, coa súa inacción, que existisen as circunstancias de base que permitiron esta catástrofe humanitaria. E falta tamén unha explicación pública do grupo Domus Vi e da súa CEO viguesa.

Geriatros obtivo no 2018 unha marxe positiva de explotación de 15 M € sobre os 85 M€ facturados. Gaña moito máis por usuario do que gasta na súa alimentación. Na vida existe moita máis causalidade ca casualidades.

Crise da Monarquía, crise do Estado

As declaracións de Arturo Fasana, xestor de Xoán Carlos de Borbón perante a Fiscalía suíza de Xenebra, ratifican o absoluto desprestixio do anterior Xefe de Estado. Malia que, fronte os 100 M USD da comisión do rei Abdallah da Arabia Saudita de 2008, os 1,7 M € do agasallo de 2010 do sultán de Bahrein son cuantitativamente moito menos relevantes.

Mais, con cravar un outro cravo no sargento da honestidade do antigo monarca, estas manifestacións amosan unha historia trapalleira de serie B: disque Borbón y Borbón transportou os cartos nun maletín entre Abu Dhabi e Xenebra, prevaléndose da súa cualidade de Xefe do Estado e, xa que logo, da ausencia obrigada de controis. En Xenebra llelos entregou ao seu xestor para que éste os ingresase na conta da

Fundación panameña Lucum da banca Maribaud. Lembremos que o único beneficiario en vida da Fundación Lucum era o propio Rei Emérito e que o seu fillo e actual Xefe de Estado era beneficiario da devandita Fundación no caso de falecemento, até que renunciou en marzo de 2019, un ano antes de informar deste affaire á opinión pública.

Os feitos denunciados son gravísimos. Por moito menos hai ben de xente na cadea, comezando polo xenro do Rei Emérito. Arrepía pensar nestes niveis de corrupción na Xefatura do Estado ao longo de 39 anos, que só comezan ser descubertos pola xurisdición doutras democracias europeas.

Ninguén negará agora a necesidade urgente dunha investigación parlamentaria, como a que pediron hai unhas semanas

Compromís, PNV, EH Bildu, JuntsxCat, ERC, CUP e BNG. Porque o desprestixio da Monarquía española no contexto europeo e universal é irreversible. E o desprestixio da Monarquía fire de morte o prestixio do Estado español. Unha ollada á mellor



prensa internacional é abondo para comprobalo.

Mais fronte tal pedimento o tripartito de dereitas e o PSOE xuntaron o seus

votos para lle furtar á cidadanía das distintas nacións do Estado unha pescuda independente que determine os concretos actos de corrupción do anterior Xefe de Estado. Pescuda que non habería prexudicar a xudicial que lle cómpre á Sala do Penal do Tribunal Supremo, malia que como avogado dubide moito de que un Tribunal tan politizado vaia mover un papel.

Porque a Monarquía de Xoán Carlos e Filipe de Borbón é a Institución que encarna e lle da sentido ao Deep State, á baixa calidade democrática, á recentralización política e económica, ao predominio dos sectores regulados do Ibex 35, á España da grande banca, da grande distribución eléctrica e do lobby construtor-concesional. A Institución que lle da sentido ao capitalismo de “amiguetes” e á España do palco VIP do Bernabeu.

A crise da Monarquía é a propia crise do Estado.

Por Nemésio Barxa

Palavras que identificam

Há pouco tempo em outro médio jornalístico escrevi sobre palavras. A palavra, que não é palavra, escolhida como palavra espanhola do ano, emoji, e a palavra do ano na Galiza, que foi “sentidinho”, e como precisamente essas palavras do ano podiam definir a idiossincrasia de cada um. Infelizmente, volvo ás palabras; pensei que o importante nas manifestações dos políticos já seriam as declarações de propostas e intenções ou de conselhos para modificar atitudes ou projetos, mas o principal que topo é de novo palabras... palabras não, palavrões, não palabras para falar senão palabras para insultar, para desqualificar, para ameaçar, lançadas como obuses para ferir, para matar. A impotência personificada no insulto.

Palavras que saem na boca de ilustres representantes políticos do povo e da sociedade espanhola; personagens elegidos polos méritos que se lhe suponham. Ainda me martilham algumas: Puta, indigno, assassinos, terrorista, tribunais, fuzilar, a por ellos, apologetas del terrorismo... não é estranho que com estes exemplos dos que em teoria seriam os pais da pátria podam gentes do povo pendurar carteis como o que denunciava há poucos dias o ator Karra Elejalde num bar de Sevilha com o seguinte texto: “prohibida la entrada a perros y bascos”. Se os políticos nos encirram com seus proclamas o povo inflamado pode resultar muito perigoso. Alarmado contemplei como a responsável do Cs chamava a desertar aos representantes e militantes do Psoe, sem o mínimo rubor; realmente isto sim que é indigno; podes tratar de que a sociedade, o votante, escolha tua proposta fronte a outras e convencer ao eleitorado de que a melhor oferta é a do teu partido político e podes incluso desqualificar o programa dos outros

partidos em liza, mas assediar, ou simplesmente animar, aos representantes eleitos por uma determinada ideologia ou proposta para trair a seus representados, trair a seu partido, parece-me filobusterismo consciente ainda agravado com a frase, para algum desses representantes, de que “um soldo público não justifica tanta indignidade”; indignidade é promover a trai-



ção.

Os palavrões voaram de uns aos outros e os media, certamente, não forem nem “medianamente” benévolos ou indulgentes com os bárbaros anatemistas senão que reproduziram reiteradamente seus insultos e sua valoração; porque os mesmos que chamaram assassinos e terroristas a vários deputados reclamaram airadamente, valorando como insultos ao monarca, que um deputado de outra formação política, no

exercício legítimo de sua liberdade de expressão, criticou-o de “autoritário”, analisando um seu discurso. O espetáculo em prensa, radio e TV do rifirrafe político, das declarações e do teatro bufo no Congresso desqualifica tanto aos protagonistas dos insultos como aos que gregariamente os aplaudiam ou impediam com seus berros que se expressasse com liberdade o deputado que estivesse no uso da palavra.

Agora valorei muito mais a palavra do ano para os galegos: sentidinho. Porque

Vox Espinosa de los Monteros (a quem se supõe ter recebido uma boa educação) chamou, numa entrevista do programa de Ana Rosa no Congresso, “especímen” a Echenique, de Podemos, mais cruel se temos em conta sua minusvalia física. Curiosamente os integrantes de estes grupos das três direitas som os que pulam póla educação privada e póla matéria de religião como obrigatória nos colégios, precisamente os que com mais veemência pateavam, berravam ou insultavam; não parece que nesses colégios privados recebam muito boa educação nem que o ensino da religião lhes outorga-se respeito e caridade fronte ao outro, prova de que religião não contribui a formar cidadãos livres, as avessas converte-os na Fe, que é a obediência cega, e no ódio que destilam. Esses ativistas religiosos não amam a seu próximo, recrutam ovelhas e as que fogem do rebanho as anatematizam ou fuzilam ou queimam ou cortam o pescoço, pois de todo e de todos temos exemplos. A Igreja, como sempre, também polo médio neste tumulto. Com muito bom critério TWITER suspendeu a conta de Vox por incitação ao ódio.

E também por incitação ao ódio, pola sua zafiedade e mau gusto, polo que denigra e avergonza a uma cidade e a falta de respeito consigo mesmo do Sr. Alcalde de Ourense, que chegou ao cargo com o apoio do PP á sua força política D.O., abundantemente votada por cidadão de Ourense, também deveria ser suspenso o Sr. Alcalde ou colocar nos Plenos uma artimanha que impedisse a audição de todos os palavrões, insultos ou descalificações que dirige á bancada da oposição. O Sr. Alcalde está dando uma triste imagem de esta cidade que em algum tempo chegou a ser a Atenas galega.

Quinta do limoeiro, março de 2.020

O delegado do Governo comunica ao alcalde de Santiago a ampliación dos prazos do Xacobeo 2021, que continuará en 2022

O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, e o delegado do Governo en Galicia, Javier Losada, mantiveron este venres unha xuntanza telemática, na que este lle explicou ao rexedor a ampliación dos prazos do Xacobeo 2021, que continuarán en 2022. Así o acordou o Executivo en Consello de Ministros, por iniciativa do Ministerio de Cul-

tura e Deporte a través do seu titular, José Manuel Rodríguez Uribes.

Dentro do paquete de medidas vinculadas á pandemia da COVID-19, o Goberno decidiu ampliar os prazos para os grandes eventos previstos como Acontecementos de Excepcional Interese Público, como é o caso do Xacobeo 2021. O Executivo espera así que o seu tirón se prolongue

e sirva para axudar á recuperación económica de Galicia nun acontecemento que congrega millóns de visitantes.

A prórroga dun ano deste Acontecemento de Excepcional Interese Público implica que se prorrogan os beneficios fiscais a todos aqueles que contribúan tanto á programación como á difusión do Ano Santo. As deducións son de ata un 90%, as

cifras máis altas que pode ofrecer o Estado. Así, o Executivo fomenta a participación do sector privado, pois os beneficios fiscais contribúen a potenciar tanto a aportación de fondos para a realización de actividades como a divulgación da celebración mediante as campañas de publicidade nas que se incorpora o logotipo do acontecemento.

Así o expresou Javier Losada

nunha videoconferencia con Xosé Sánchez Bugallo, que agradeceu as xestións do Goberno. No encontro telemático alcalde e delegado do Goberno repasaron os investimentos vinculados ao Camiño de Santiago, que ten na actualidade 24 millóns de euros dedicados á rehabilitación da Catedral, agora con obras na escalinata e na cripta do Obradoiro.

Entrevista

MONCHO MARIÑO

Entrevista a Isaac Lourido

“A Xunta considerou sempre o galego máis como un problema que como un obxectivo”

Isaac Lourido é profesor na Universidade da Coruña, doutor en Teoría da Literatura e Literatura Comparada pola Universidade de Santiago. Foi Premio Carvalho Calero en 2014 por Historia literaria e conflito cultural. Bases para unha historia sisté-

mica da literatura na Galiza. A súa postura tanto lingüística como ortográfica fai que a súa opinión no ano Carvalho Calero, sexa de importancia, tanto pola análise da figura do homenaxeado como das posturas que este defendeu no seu día.

-Que supuxo para ti que Carvalho Calero teña o seu Día das Letras Galegas?

Empezarei dicindo que a miña visión tando do Día das Letras como da Real Academia Galega é bastante crítica. A min interésanme máis o tipo de homenaxes ou celebracións que non dependan do que decida un grupo de señores, porque a maioría son señores e de determinada idade. Creo que deberíamos depender menos da RAG e do Día das Letras Galegas. Deberamos pensar en modelos de celebrar ou homenaxear máis descentralizados e máis horizontais. Mais por outra parte, como son persoa de práctica reintegracionista e dado que Carvalho tamén foi académico, tamén me parece que con este día tamén se cumpre ou se repara unha débeda histórica. Tamén é unha resposta ao que era unha demanda moi entendida en toda a cultura galega. Estou distante mais tamén lle vexo cousas positivas.

-Escoller para este ano a Carvalho Calero podería incomodar á Xunta?

Non creo, porque tanto os actos da Academia como da Xunta son moi institucionalizados e ritualizados. O único que pode incomodar de Carvalho Calero é a ortografía, letra arriba, letra abaixo. A Xunta

vén dando nos últimos anos unha apertura ao que é a lingua portuguesa, polo menos de vistas para afora. Entón, creo que dalgunha maneira ese risco está controlado. Por outro lado, tamén podemos estar diante dunha estratexia da RAG para acabar coa cuestión de Carvalho e ese “pequeno problema” e para a Xunta pode funcionar da mesma maneira.

-Esa apertura da Xunta cara o portugués non é outra maneira de mostrar complexo de inferioridade a respecto da variedade ao norte do Miño?

A postura da Xunta sobre o portugués é a de lingua estranxeira. Non se mira como variante do galegoportugués. Vese como lingua estranxeira á que lle aplican coa lei Paz-Andrade, onde ten unha certa valorización por cuestións económicas e sociais ademais de culturais. Mais considero que as persoas que consideran que galego e portugués son a mesma lingua ou que deba ter máis presenza en Galicia, seguen mantendo as mesmas posturas críticas coa Xunta sobre o galego.

-Coo homenaxe a Carvalho Calero, poderíase falar dun paso cara o entendemento das dúas posturas ortográficas?

Isto segue sendo unha homenaxe a unha persoa que quería

unha determinada ortografía así como que se falase dunha lingua nacional e non autonómica. Se iso pode axudar a medio ou longo prazo a que haxa algún cambio na ortografía do galego, ou o uso en escolas e outros contextos, son moi pesimista. Simplemente porque este é un día para estudar a unha persoa, coñecer a súa figura e para o outro ano será outra persoa. Mais que haxa cambios na ortografía oficial ou na maneira de escribir o galego, se segue dependendo do Instituto da Lingua Galega e da RAG, creo que non vai haber posibilidade de cambio.

-Entón, a actitude do goberno autonómico de cara o idioma do país...

É unha actitude de non facer nada. Hai quen di que é unha actitude hostil e frontal contra o galego. Non o vexo tanto así, pois o galego ten unha presenza no que se considera politicamente correcto. Ninguén di explicitamente que está contra o galego. A política deste goberno e doutros anteriores é a de deixar facer. O galego está nunhas condicións en desabantaxe con respecto ao español. Deixar facer permite que se perda número de falantes. As estatísticas non menten, houbo un descenso brutal de falantes,



sobre as competencias cada vez máis xente sabe escribir mellor en galego, mais temos unha baixada moi forte en competencias orais. As actitudes negativas frontais desaparecen, mais temos outros prexuízos novos como o que o galego prexudica para facer a selectividade. Cando a Xunta ofrece datos sobre o galego, só pode presumir das competencias escritas, do resto non pode presumir.

-Pódese reverter esta situación?

Si, mais só cunha mudanza radical do tipo de política e planificación lingüística. Políticas activas en favor do galego, implementadas sobre todo a través da educación obrigatoria. Porque aí é onde chegas á maioría da xente. Co PP isto non interesa, tería que haber un cambio de goberno e poder implantar cambios de políticas e un cambio de política moito máis

ambiciosa. Noutras CCAA as cousas funcionan mellor, certo que as situacións de partida son diferentes. En relación coa Xunta, esta sempre considerou o galego máis como un problema, máis que un obxectivo a conseguir. Cando estaba o bipartito foi moi sintomático que a Secretaría de Política Lingüística estivese ocupada por unha persoa designada polo PSOE. Os socialistas temían que se esa secretaria a levaba o BNG, a lingua podería ser unha cuestión problemática. Durante o bipartito, no sector educativo avanzouse timidamente e montouse a que se montou. Se ese goberno continuase, teríase consolidado esa liña, tímida ao meu ver, de consolidar o galego no ensino. Pecaron de falta de ambición, en comparación co actual goberno, era moito máis positivo.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Entrevista a Pilar García Negro

“Nos últimos anos programouse unha exclusión do galego de todos os ámbitos máis profunda da que existía”

Maía Pilar García Negro ten abondo currículo como para falar con autoridade da actual situación sociolingüística do país. Non só pola súa traxectoria académica ou política, senón porque o feito de vivir en primeira persoa a desafección cara o galego dentro do ámbito educativo, político e funcional, levouna a

enfrentar máis dunha vez ataques virulentos desde as propias institucións que deberan velar polo idioma. Aquí falamos con ela sobre o Día das Letras que este ano lle foi outorgado a Ricardo Carvalho Calero, quen coincidía con García Negro no perigo que supón que o galego quede como lingua litúrxica.

-Foi unha sorpresa para ti que Carvalho Calero sexa o homenaxeado no Día das Letras Galegas?

Si e non, por un motivo e é que por unha banda era unha celebración xa demandada desde hai moitos anos por moitos de nós, das persoas que estamos dentro do profesorado, da cultura en relación co galego. Así pois, pensamos que un ano máis ou un ano menos, esta homenaxe caería polo seu propio peso. Pola outra banda, debo lembrar e avisar de que con independencia da demorada decisión da RAG, xa viñamos celebrando e recoñecendo como se merece a figura de Carvalho Calero. En vida del tiveron a oportunidade de participar na homenaxe que lle ofreceu a Asociación Cultural Medulio de Ferrol. Despois do seu falecemento, en moitos actos públicos, artigos, simposios, na Galiza e fóra dela. Por iso digo que algúns, entre os que estou, non esperamos que ao final a RAG concedese este día a Carvalho para continuar recoñecendo a súa figura, facerlle xustiza, porque a súa obra e persoa son acreedoras de todos os recoñecementos nosos e porque a súa obra merece ser lida e recordada por todos nós.

-Estanse cumprindo as premocións de Carvalho sobre o galego como lingua de “liturxia”, só empregada para algúns momentos concretos?

El escribira un artigo titulado “O uso do galego para todo”, que usei de base para o manifesto

da Plataforma Queremos Galego me pediu en vista ao Día das Letras Galegas. Foi un manifesto en forma de carta aberta a Carvalho Calero. Naquel artigo el xa avisaba da tentativa de “confinar” o galego, só como lingua literaria ou limitadamente literaria, só para poesía lírica. El dicía “teríamos así nese suposto restritivo, unha lingua ritual, reservada, confinada, refreada, conxelada e acabaría asfixiada, reprimida, acardada, consecuentemente unha lingua ferida de morte, unha lingua morta, un latín para especialistas, unha lingua pronto inentilixíbel para o común dos galegos”. Por contra el defendía que o galego deba vivir máis alá da práctica literaria, senón tamén dos diferentes usos como o administrativo, coloquial ou xudicial. Concluía que “o galego ten que ser a lingua normal de uso dos galegos”. Este diagnóstico non só se cumpriu se analizamos a política oficial, senón que o fixo amplamente. Durante a última década programouse a exclusión da nosa lingua de todos os ámbitos e programouse unha españolización de todos os ámbitos máis profunda e contundente da que existía.

-Como puido ser así?

A loita a prol do galego, en calquera das súas formas, viuse en moitas dificultades e entorpecementos e imposicións represivas e negativas. A alerta de Carvalho sobre o confinamento da lingua, moitos de nós seguimos a tratar de conxurala en beneficio

da vida do idioma. El xa o dixeramos “o galego para vivir tem que sobrevivir”. Iso precisa dunha protección e axuda pública institucional de todos os poderes públicos. Non pode quedar nunha loita grupal, senón que necesita uns mecanismos favorables a esa presenza, que as institucións que todos e todas pagamos deberan pór en práctica. De maneira que o seu diagnóstico e prognóstico están máis vivos que nunca.

-Desde hai unha década que se pide derrogar o decreto Feijóo sobre a lingua. Estamos xa na agonía do galego?

Se nons cinguimos á etimoloxía, si. A agonía era a pre-morte, a loita entre a vida e a morte. Iso é o que significa agonía. Estamos nunha crise, non estamos no sentido hoxe común da agonía, na acepción de tempo previo a unha morte. Por que digo isto? Porque os e as que facemos uso do galego existimos, non nos resignamos ou que teña só un cultivo literario dentro dun círculo. Non admitimos espazos estancos e pechados para a súa utilización. Entón deberamos ter en conta o substantivo que é “normalización”, que vén de “normalizar”, que vén de “normal” e este de “norma”. E norma significa hábito e presenza ubícu, multifuncional. Os que defendemos un uso non restrinxido do galego poderemos ser unha minoría, mais somos unha minoría que quere deixar de selo. Non se comprace na súa limitada cantidade, senón que quere ao galego



como lingua de todos os nosos compatriotas.

-Estase exacerando o autoodio entre nós?

Por unha parte si, porque nunha situación de conflito lingüístico como o do galego, hai unha subordinación obxectiva da lingua galega na súa propia sociedade. Todo conflito é dinámico e se non se combaten as condutas pro-diglóscas, aumentarán porque a presión da lingua dominante aumenta. No tempo actual tamén se incrementou pola globalización, pois toda a propaganda oficial quere desnacionalizarnos, de facernos cidadáns do mundo mundial, como se non tivesemos noções de orixes. A realidade humana é que existen sociedades distintas e distintivas. A única democracia e internacionalismo

democrático son os que recoñecen a existencia de todos os pobos do planeta.

-E a relación entre o galego e o portugués poderá darse libremente algún día?

Partimos dunha realidade científica, o galego e o portugués son a mesma lingua. O portugués é o galego que puido converterse en oficial e moderno, dotado da necesaria institucionalización que garante un estado independente. Podemos falar da mesma lingua falada en diferentes lugares, co galego como matriz, o portugués de Brasil ou doutros lugares do mundo. Mais establecida esta verdade, a partir aí vaimos a vida aos que defendemos a nosa lingua a súa pervivencia digna, como lingua normal entre toda a sociedade galega.

Gonzalo Caballero: “En Galicia fai falta un cambio. Desta crise temos que saír reforzando a sanidade e os servizos públicos”

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, explicou que a crise do coronavirus puxo de relevo que “en Galicia fai falta un cambio” porque necesitamos ter na nosa comunidade “un goberno da Xunta que aposte polos servizos públicos”, nomeadamente pola sanidade, e “por non deixar a ninguén atrás”.

Por iso, o líder dos socialistas galegos apostou por retirar a Feijóo do goberno de Galicia, porque foi “o campión dos recortes” na sanidade pública. Así o reflicte o informe do comité de expertos sanitarios, que pon o foco na perda de máis de 1.100 profesionais só na atención primaria e nas case 1.000 camas hospitalarias que se perderon dende que o PP volveu á Xunta.


Ademais, Gonzalo Caballero apostou por poñer en marcha outro modelo

de residencias para os maiores fronte ao modelo de “privatización” destes centros que impulsou Feijóo. Estas residencias, explicou, perciben “moitos ingresos” pero amosaron “moitas debilidades” no coidado e na protección dos nosos maiores durante a pandemia. De feito, case a metade dos falecementos a causa do coronavirus en Galicia déronse nas residencias, onde xa o Consello de Contas alertara de que moitas delas non contaban co persoal e os medios requiridos para atender debidamente aos usuarios.

En paralelo, o secretario xeral do PSdeG, que é economista de profesión, sinalou que a política económica de Galicia ten que cambiar, posto que a Xunta debe apoiar ás pemes, aos autónomos e aos asalariados, como están facendo dende tantos concellos e dende o goberno de España para estar “ao carón da cidadanía”. “Temos que saír todos xuntos desta crise”, profundou.

“Nós temos un proxecto de compromiso coa sanidade pública, co fortalecemento do estado do benestar e cunha política económica que non deixe a ninguén atrás”, asegurou Gonzalo Caballero, que recordou ademais que estas receitas, que agora se comprobán tan necesarias tralo paso da pandemia, son as que sempre figuraron no ideario do PSdeG.

Mentres a dereita e a ultradereita alentan manifestacións como a do barrio de Salamanca, o goberno de España está poñendo en marcha axudas para autónomos “por primeira vez neste país”, abonando os salarios de centos de milleiros de traballadores, axudando ás empresas para manterse a flote, impedindo os desafiuzamentos,



aumentando as becas e dispoñendo unha renda mínima vital para combater tamén “a curva da desigualdade”.

Agora, nun contexto electoral que Feijóo decidiu “unilateralmente” e “rachando os acordos” que permitiron aprazar os comicios previstos para o 5 de abril, Gonzalo Caballero sinalou que “toca activarse” e traballar para dar a Galicia un goberno de progreso á fronte da Xunta.

Pola súa banda, o máximo dirixente do PSdeG comprometeu que un goberno progresista na Xunta fará da sanidade pública “a súa bandeira” e “rearmará” o sistema para dar unha atención de calidade aos galegos e ás galegas despois destes once anos de Feijóo.

Do empeoramento da sanidade pú-

blica saben os doentes, que viron aumentar as listas de espera e comprobaron a saturación sistemática das listas de espera; e sábeno tamén os profesionais sanitarios, que protagonizaron “folgas constantes” nesta década e ata “dimisións en bloque” nalgunhas áreas sanitarias.

“Tras once anos de recortes, Feijóo está escribindo as súas últimas páxinas á fronte da Xunta”, remarcou o responsable do socialismo galego, quen asegurou que o PSdeG está “preparado” para dar a Galicia “un proxecto de futuro” e que teña en conta que a reconstrución “non pode deixar a ninguén na cuneta”. “Hai que desalojar á dereita do goberno galego e poñer en marcha unha nova política”, concluíu.

O Concello construíra un aparcadoiro disuasorio nas Lagoas



O aparcadoiro será de baixo custo e de titularidade municipal.

O Concello de Ourense construíra un aparcadoiro disuasorio de 600 prazas na rotonda das Lagoas, moi preto do centro da cidade. Un proxecto “moi necesario” sinala o alcalde, Gonzalo Pérez Jácome, xa que permite “dar resposta ás necesidades que existen nesa zona. Trátase dunha actuación que forma parte do plan de investimentos por importe de 50 millóns de euros anunciado polo grupo de goberno municipal, que ten como obxectivo “reactivar a económica no Concello ante a situación provocada polo COVID-19”, comenta o rexedor.

O aparcadoiro disuasorio estaría

situado na zona do campus universitario, xusto fronte ao edificio politécnico. Trátase da rotonda das Lagoas, emprazada dentro do polígono da Zona 4 do Solo Urbano número 25 do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Ourense, no subsolo da praza interior da urbanización que se está levando a cabo, cunha superficie aproximada de 7.000 metros cadrados, na zona da avenida de Otero Pedrayo e rúa de Castelao, contigua á residencia universitaria e á igrexa da Asunción.

Para o alcalde, o obxectivo do aparcadoiro disuasorio “é desconxestionar o tráfico rodado do centro da cidade, xa que se habilita a opción de aparcas os

vehículos a unha distancia atractiva”. O custo da construción do aparcadoiro roldaría os 4 millóns de euros e unha parte sería asumida polos convenios coa urbanización que se está promovendo no mesmo punto. Por outra banda, e segundo se contempla no proxecto, en superficie do aparcadoiro construírase unha praza-parque de 7.000 metros cadrados.

Outra das cuestións técnicas fai referencia a que o aparcadoiro tería tres niveis, todos soterrados, e para facilitar a súa accesibilidade e comodidade, debido ao seu tamaño, contará con outros tantos accesos de vehículos, incluíndo unha rampla de caracol.

O PSdeG denuncia a complicidade de Feijóo e Baltar para tombar axudas a autónomos

O PSdeG-PSOE de Ourense denuncia a “noxenta complicidade” de Alberto Núñez Feijóo e Manuel Baltar coa estratexia do PP que busca tombar as axudas extraordinarias para autónomos, amas de casa ou traballadores en ERTE a causa da COVID-19, ó non apoiar a prórroga do estado de alarma. Os socialistas denuncian a “irresponsabilidade” e a “borracheira de poder” dos populares, que só teñen posto o seu foco no desgaste do Goberno central adoptando “decisións deplorables” que implican a fin destas axudas adoptadas por primeira vez na historia “deixando sen protección social a millóns de persoas de súpeto”.

“O PP é experto en deixar na estacada ás persoas nas crises,

posto que foi o único que fixo entre 2011 e 2018”, unha decisión “inhumana e insolidaria que a sociedade xa lles reprochou nas urnas varias veces”, sinalan. “Mentres Feijóo, Baltar e o seu anexo lowcost no Concello de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, só se adican á propaganda valeira anunciando sobres con billetes para autónomos que nunca chegan, o executivo de Sánchez céntrase nos “feitos” e xa ingresou a milleiros de autónomos e autónomas de Ourense a “prestación extraordinaria que cobrarán incluso cando retomen a súa actividade e só mentres estea en vigor o estado de alarma”, destacan antes de explicar que o Goberno “tamén está a reintegrar as cuotas pagadas desde marzo”.

Trinta millóns de euros para o saneamento integral do río Barbaña



Río Barbaña preto da desembocadura no río Miño.

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico avanza no proxecto de “Finalización do saneamento do río Barbaña, mellora EDAR de San Cibrao das Viñas fase II (Ourense), tal e como publica o BOE do 8 de maio, iníciase o procedemento de avaliación de impacto ambiental.

O citado proxecto dará como resultado unhas actuacións de saneamento integral do río Barbaña nas que o investimento estimado alcanzará os 29.800.000 de euros, financiado a través de

Fondos Europeos; aproximadamente 12,8 mill/€ corresponden á remodelación da EDAR, 3 mill/€ aos colectores de augas fecais e 14 mill/€ aos colectores de augas pluviais e o seu tratamento” matizou José Antonio Quiroga, presidente da CHMS.

“Neste momento, a colaboración e implicación de todas as Administracións e a concienciación social e do tecido empresarial é clave para evitar os episodios recorrentes de contaminación ao río Barbaña”, concluíu o presidente.

A Administración non fixo probas da Covid19 ós bombeiros

O BNG criticou a inacción do cogoberno municipal e o executivo galego ante a falta de probas no corpo de bombeiros. A formación nacionalista cualificou de escándalo que a plantilla tiveran que facer as probas na privada e adiantou que pedirá explicacións á Xunta de Galiza.

Un bombeiro de Ourense deu positivo tras mostrar síntomas da covid-19. Nese momento, o BNG instou tanto ao goberno municipal como a Xunta de Galiza a facer probas masivas a toda a plantilla do corpo de bombeiros alegando que era “un servizo

esencial” para a cidadanía e xa arrastraban un cadro de persoal moi escaso.

“É inadmisíbel que non se fixera a proba desde a administración galega a todos os bombeiros deste parque” sinalou a representante do BNG, Noa Presas. Continuou explicando que é un servizo esencial que vela pola seguridade de milleiros de ourensáns e demóstrase que “sigue habendo unha convivencia do PP coa sanidade privada. Non hai unha intervención pública real nos laboratorios privados” afirmou Presas aludindo á situación de alarma decretada polo goberno.



Galicia

Redacción

Ourense construíra no barrio da Ponte o maior parque urbano da cidade

O alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, deu a coñecer que, o plan de obras que desenvolverá o Concello de Ourense e que mobilizará 50 millóns de euros na cidade incluírá “unha obra absolutamente emblemática no barrio da Ponte”. O barrio con maior número de habitantes da cidade, contará co parque máis grande do centro urbano de Ourense con 18.000 metros cadrados, que superará a extensión de espazos públicos como o Parque de San Lázaro, que ten 7.000, o Xardín do Posío, de 14.000 ou o Parque Miño 17.000 metros cadrados.

Este espazo verde público estará comprendido nun triángulo, entre as rúas de Xesús Pousa e



O obras custarán 5 millóns de euros e unha parte será sufragado por convenio polas promocións lindeiras.

Basilio Álvarez e a Avenida das Caldas. Nestas 1,8 hectáreas, construíranse, entre outros equipamentos, unha piscina de verán de 1.200 metros cadrados, tanto para adultos como para nenos, que será gratuíta e de acceso li-

bre a todos os cidadáns de Ourense. Será municipal e “daralles unha calidade de vida tremenda aos habitantes de todos os edificios próximos da Ponte, xa que Oira está a máis de 1 quilómetro”, indica o rexedor.

Os socialistas acusan de inacción cultural ao bipartito do Concello

Os socialistas da cidade de Ourense amosan a súa sorpresa polo feito de que o Goberno municipal “se dedique a criticar, públicamente, ao sector da cultura, no canto de ofrecer alternativas creativas e innovadoras para promover un eixo produtivo que pode ser clave na promoción e o desenvolvemento da cidade despois da pandemia”. “A falla de competencia e liderado do concelleiro Mario González son patentes, tanto na xestión dos recursos municipais, como na necesaria apertura ao mundo da cultura extra-muros da casa consistorial”, subliñase dende a formación socialista.

O PSdeG-PSOE afirma que

“Jácome e o seus atoparon na crise do coronavirus a escusa perfecta para prolongar a lenta agonía da cultura na cidade, deixándoa morrer por inanición”, e utilizan “ataques constantes a un sector que precisa de apoio municipal nestes momentos de crise”.

Tal xeito de actuar evidencia, unha vez máis, o desprezo do co-goberno actual pola cultura coma un dos elementos que pode ser clave para o rexurdir de capital provincial. Unha miopía política particularmente grave no centenario da publicación do primeiro número da revista Nós, iniciativa solicitada polos grupos da oposición e esquecida polo goberno municipal.

O Concello mellora a estética da cidade e dos barrios

A Concellería de Medio Ambiente iniciou os traballos de mellora da estética da cidade, que se están centrando na plantación de nova xardinería e na posta en valor dos distintos elementos decorativos florais, caso

das xardineiras: retiráronse un total de 58 para o seu lixado e pintado, de forma que poidan volver ás rúas xa decoradas con planta de tempada como begonias, caraveis (tajetes patula) e alegrías (sunpatiens), entre outras.

As actuacións abarcan espazos singulares da cidade coma a zona das Burgas, zona vella, praza do Bispo Cesáreo, Avda. Otero Pedrayo e a zona do parque de San Lázaro. Pero tamén espazos representativos da trama urbana, como as

glorietas de Nexus, o acceso Centro, Nosa Señora da Saíza e Bonhome, zonas de grande tránsito de ourensáns e visitantes.

Estas actuacións realizaránse tamén en A Cuña-Mariñamansa, Polvorín-Cruceiro, Alfredo Brañas, Avenida de Santiago e Río Mao... Así até máis de 50 intervencións en toda a cidade.



Medidas de apoio para os comerciantes da Mariña

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, reuniuse por videoconferencia coas distintas asociacións que agrupan ao comercio da Mariña para trasladar-lles as principais medidas de apoio que está a artellar o Goberno galego para axudar ao sector a afrontar as consecuencias económicas derivadas da actual crise sanitaria.

Na xuntanza estiveron presentes representantes da Federación de Comercio da Mariña, CCU de Viveiro, CCA Ribadeo-ACISA, CCA Burela e ACIA de Foz. Tamén participou a

xefa territorial en Lugo da Concellería de Economía, Emprego e Industria, Pilar Fernández, e persoal técnico do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape).

Balseiro destacou a liña de apoios para facilitar liquidez inmediata a autónomos e pemes. A Xunta, a través do Igape, permite acceder a préstamos de entre 3.000 e 200.000 euros para cubrir os seus gastos correntes, facturas, pago de salarios ou de alugueiros, entre outros. A Xunta bonificará o 100% dos tipos de interese.

Por outra banda, a Administración autonómica tamén apro-

bou o aprazamento das cotas de amortización e xuros dos préstamos formalizados coa Xunta –a través do Igape e XesGalicia– e aprazou o pago de distintos impostos de xestión autonómica, como é o caso de actos xurídicos documentados.

Tamén se avaliou a medida que servirá para adiantar parte da nómina aos traballadores afectados por expedientes de regulación temporal de emprego (Erte) xa aprobados por parte da Administración autonómica pero que agora están á espera de que o Goberno lles pague as súas prestacións. A



Videoconferencia de comerciantes e técnicos do Igape.

Xunta avalará o adianto de 1500 euros por traballador, cun tope mensual de 750 euros, ata o momento en que se produza o pago da prestación estatal pendente.

Balseiro salientou que as medidas económicas que está a arbi-

trar o Goberno galego para tratar de facer fronte aos efectos da crise sanitaria parten do diálogo e do consenso e teñen como obxectivo máis inmediato dar liquidez ás empresas e ás familias, pensando ao mesmo tempo no futuro.

Por Lucía Lareo Pena

Un paso á fronte na cultura galega: Ricardo Carvalho Calero homenaxeado no día das Letras Galegas 2020

“Todo o mundo sabe que eu profeso en matéria lingüística as ideas tradicionais, as ideas de Castelão, e como estas ideas son contrárias ás ideas que reinan no mundo oficial, no aspecto cultural, pois non tenho muito predicamento, ao parecer, dentro desas esferas.”- Club de lectura de poesía (2010)

A figura de D. Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 30 de outubro de 1910-Santiago de Compostela, 25 de marzo de 1990) foi controvertida e polémica, tal e como reflecten as palabras iniciais orixinarias do propio autor, mais o paso do tempo, fixo que unha evolución notoria na cultura galega permita que hoxe, no case cumprimento dos cento dez anos do seu nacemento, Galiza honre o seu labor intelectual, académico e social.

Feitos como as súas aportacións á historia literaria galega, a súa concesión como primeiro profesor e catedrático de Lingüística e Literatura Galega na Universidade de Santiago de Compostela (USC), ou a influencia dos seus pensamentos sobre o galego, fixeron que a Real Academia Galega (RAG) seleccionase a dito autor como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2020.

A pesar da longa cadea de méritos e vivencias que marcan a transcendencia vital de Carvalho Calero, froito da súa participación en múltiples institucións e entidades sociais e culturais, é destacable o punto de inflexión que para o mesmo supón o

estallido da Guerra Civil, a raíz da cal ingresa en prisión ata o ano 1941 motivo da súa postura a prol do bando constitucional. Deste xeito pódese afirmar que Carvalho Calero foi vítima da guerra e das represalias da posguerra, sen embargo, nada diso impediu que o seu cometido chegara a bo porto. Así, tempo despois, no ano 1950 comeza a súa andaina no Colexio Fingoi (Lugo) da man de D. Antonio Fernández, coa pretensión de fomentar unha renovación pedagóxica vangardista. O centro mixto con ensinanzas modernas de Fingoi nace cunhas iniciativas moi avanzadas, significando para o autor unha fonte de liberdade educativa, cultural e económica. Carvalho Calero cumpriu á perfección co cometido inicial proposto para o centro, así, como profesor e director excepcional, dotou a este dunha relevante innovación pedagóxica e incrementou o interese dos seus e das súas discentes pola cultura galega. A docencia do autor estivo impregnada polos principios educativos da Institución de Libre Enseñanza (ILE), impulsada especialmente por Francisco Giner de los Ríos (fundador principal no ano 1876) e o seu alumno predilecto Manuel Bartolomé Cossío, quen se encargou de seguir fomentando o movemento tras o falecemento de Giner. Dito movemento pedagóxico concíbese como o máis importante a nivel europeo, e funcionou ata mediados dos anos trinta cando se veu

prohibido polo fascismo español. No que respecta á metodoloxía imperante no centro, destaca a ausencia de libros de texto, as representacións teatrais que se levaban a cabo que tiñan orixe tanto en obras do propio autor como doutras personalidades destacadas como Castelao, as viaxes culturais ao mercado ou aos hortos, así como as clases musicais de gaita e canto, onde unha vez máis se poñía de releve a cultura de Galiza.

Mais este centro ademais de supoñer un alcouve de innovación educativa dentro do lóbrego horizonte do franquismo, tamén supuxo unha fonte de crecemento persoal e intelectual para Carvalho Calero, levando a cabo os seus primeiros libros de poesía e traballos inéditos sobre relevantes escritores e escritoras galegos. Sen embargo o autor non só cultivou a poesía, e de dita etapa no Colexio de Fingoi consérvanse obras de toda tipoloxía literaria, destacando entre elas: Anxo da terra (1950), A xente da Barreira (1951), Sete poetas galegos (1955) ou Versos iñorados e ou esquecidos de Eduardo Pondal (1961).

É no ano 1965, cando o autor da por concluída a súa etapa no centro lucense de Fingoi, abrindo paso na ensinanza pública, concretamente, comeza a exercer no Instituto Rosalía de Castro (Santiago de Compostela), ao mesmo tempo que emprende a docencia de Lingua Galega na universidade compostelá.



Fotografía tomada ao redor de 1930, etapa de mocidade do autor.

Así, aínda que os méritos de Carvalho Calero, grazas á súa sabedoría e bo facer intelectual son múltiples no seu transcurso vital, considérase fundamental homenaxear o seu paso polo Colexio de Fingoi, que deixou unha pegada inalterable que continúa a ser notoria na contemporaneidade manténdose as directrices docentes iniciadas polo autor no centro educativo.

Hoxe sorrí Galiza e milleiros de galegos que festexan agradecidos o incesante esforzo que Carvalho Calero impulsou a prol da nosa cultura, constituíndose como claro merecedor da honra que se lle concede e evitando que a súa esencia desapareza de entre nós.

Por Ramón Coira Luaces

Ramón Vilar Ponte

Do seu irmán Antón xa falei neste xornal, ao resumir textos sobre as Irmandades da Fala, nas que aparecía como fundador; porén de Ramón nunca falara e quería facer agora. Non vou dicir nada que non se saiba xa, pero resúltame grato facer estes pequenos resumos divulgativos. O seu pai era un emigrante enriquecido e, a parte del, tivo outros tres fillos. Estudou bacharelato no Instituto de Lugo e evitou facer o servizo militar, por mor da redención económica estipulada na época para a xente que tiña posibeis. Estudou Filosofía e Letras en Madrid e, nesta época, concebiu co seu irmán Antón a creación dunha asociación para loitar contra a marxinação e a estigmatización da lingua galega. O seu irmán casou con Micaela Chao (tamén fundadora das Irmandades da Fala) e el casou coa súa irmá Teresa Chao. Xogou un papel activo nas Irmandades

e na organización da Irmandade coruñesa e ferrolá. Trasládouse a Cataluña para negociar unha alianza para as eleccións de febreiro de 1918 coa “Lliga” catalanista de Cambó. Intervén en numerosos mítines e



escribe en “A Nosa Terra”, defendendo o idioma como signo distintivo da nación galega, defende tamén a praxe do monolingüismo, critica o centralismo e a política asimilista do Estado español, defende as obras do ferrocarril da costa, apoia o catalanismo,... Traballa como xerente da editorial “Céltiga”. Súmase ás teses de Vicente Risco e ingresa na Irmandade Nacionalista Galega. Durante a Ditadura de Primo de Rivera é dos poucos que continua coa actividade da ING en Viveiro, centrando o seu traballo no labor xornalístico. Colabora coa revista “Céltiga” de Bos Aires e -entre outros- co xornal “Galicia”, dirixido por Valentín Paz-Andrade; sendo tamén correspondente de diarios radicados en Madrid como “Sol” e outros. Ingresna na Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA), apostando pola mudanza de Réxime, seguindo as ideas do seu irmán Antón. En 1927 ingresa no Seminario de Estudos Galegos. Coa II República foi designado alcalde de Viveiro. Abandona ORGA

e afíliase ao Partido Galeguista. Opúxose á alianza do PG coa Fronte Popular, seguramente debido as súas convicións relixiosas (a diferenza do seu irmán Antón, que era máis laico). En 1936, xunto con Antón, fundan a Asociación de Escritores de Galicia. En 1936 falece Antón (antes da sublevación fascista) e el e máis a súa dona Teresa fanse cargo dos dous sobriños, que foron privados da herdanza paterna polas novas autoridades. Eran tempos do terror, polo que reduce a súa actividade ao mínimo. No 1942 trasládanse a Coruña, onde dá clase en colexios privados. Porén aínda así escribe artigos para a prensa nacionalista do exilio, baixo un pseudónimo. En 1951 entra na RAG; falecendo en 1953 aos 63 anos. É importante termos memoria, porque nos fai menos débiles.



Opinión

Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

Parece un bo momento para considerar-nos

Agora si, desapareceron todos os espazos propios durante tanto tempo, aqueles de seguridade, de consistencia, de unidade das unións, de globalización espesa. Sería o momento de pensar e analizar nos sufrimentos que teñen que soportar as persoas que veñen refuxiadas, expoñendo a vida en cada paso. Ou os que quedaron sen traballo, sen casa, sen apoios. Quizais desde ese pensamento, seremos quen de rebobinar, de darnos conta do terrible erro que supón confiscar a liberdade das persoas, confiscar o dereito da vida, do traballo, da vivenda. Os dereitos individuais e colectivos, como pobos e nacións. Sería bo que esta crise nos axudara a obter o sentidíño perdido, impedindo que haxa negacionismos tan ousados. Raza, relixión, todo, é malo se non é o deles. Sería o momento de que a humanidade recobrara a súa humanidade, aquela que lle deu nome. Recoñecendo o fracaso do sistema e da incorrecta aplicación. Porque no

seu nome matáronse miles de miles de persoas, aniquiláronse pobos, tirouse ao lixo a multitude de diversidades que somos, sen aceptar as diferencias e das singularidades que temos. Vendéronnos odio e rancor, feridas que non curan. No canto deberíamos amolecer na comprensión e o entendemento, lonxe do rigor extremo dunha lei inxusta, para volver ao favor e a reparación ou emenda. Cambiando a hostilidade en favor do abrigo, do refuxio, do agasallo. Humanizar é civilizarse, empatizar con aquelas persoas que sofren, que incumpren a lei por esixencias dun guión que fixeron os poderosos mentres, hai xente, que morre na necesidade. Aquí e agora debéra xurdir a comprensión e o entendemento, a proporcionalidade. Habería que saber na súa voz os argumentos, as eximentes que os levaron a fuxir das súas casas. Lembrar que quen sofre por mor dunha guerra, dunha catástrofe, dunha ditadura, da fame, enfermidade, medos, aburos e represalias, ten dereito a

unha man que axude. Agora é un bo momento para reflexionar.

Quizais sexa, como di un artigo lido nestes días, que nos movemos para cambiar de eixo, agora para o do Este. Cansos, quizais, ou aburridos de ver o que pasa polo Oeste. No Este temos unha mestura fina de capitalismo e socialismo que nos pide un cambio de pensamento cara ao que é “público” para ser eficientes na resolución de problemas. O “neoliberalismo” parece ferido de morte e, se pode, terá que reaccionar diante dese novo modelo económico que abre máis camiños e abre máis as mentes. China venceu o virus, pero China é comunista! Coidado! De momento na cadea de subministro, está sendo máis eficiente que calquera outro lugar do mundo. Por aquí todo queda escaso e nos unidos estados de América din que o virus é chino, que é unha mentira, un bulo ou unha ameaza, para molestar e ofender moito aos que teñen cousas mellores que facer. Europa lenta e lonxe daquela romántica irmandade! Só se movían para ganancias, que non beneficios sociais. En todo caso, e como excepción, haberá que estudar as condicións das devolucións dos préstamos a países dese Norte europeo que non entende e deixa o Sur abandonado. O sistema colapsou

e deixa un enorme baleiro quedando sobrevivir do conto. Entenden por fin a necesidade de cambiar, aplicar moitas reformas e radicais, aceptando un papel máis activo nas economías que deixen de man a privatización de servizos básicos -non digamos enerxías, telefonías, saúde ou Centros de 3ª idade- e facer, dunha vez, que os mercados laborais sexan moito máis seguros e dignos, tamén máis competitivos. E iso que a min, iso de ser competitivos sábeme a egoísmos de salón.

Dentro da desgraza, cómpre aproveitar e xa sacar algunha aprendizaxe, conclusións e capacidade de revisión para, logo, adoptar medidas convincentes e sensatas. Sequera non repetir erros. Seremos quen de facelo? É moi improbable, a xulgar polas derivas que levamos, cambaleándonos e sen saber que camiño coller. É moi difícil acadar certa cordura por parte de políticos e xestores de pimpón. Xa sabemos que só miran polo seu e no seu embigo. Hase saber o que o tempo nos depara, anque non convén perder a esperanza ou quizais algunha fe, a quen lle quede.



Redacción

Por Rafael José Adalid Rodríguez

Algúns paralelismos da tradición oral con outras nacións celtas

A raíz da singularidade do noso patrimonio inmaterial, o cal se pode considerar como a parte máis fráxil dunha cultura, damos con moitas equivalencias paralelísticas, ben sexa con zonas limítrofes ou con outras culturas espalladas no tempo que aínda persisten no noso maxín, mellor dito na nosa idiosincrasia.

Cales son as causas ou os motivos de que se produza compartimento cultural? De forma obvia, sinalaremos dous aspectos importantes:

- Por un lado a orixe, ese espazo físico que se compartiu, unha raíz cultural común que abrangue a diversos pobos.

- Por outra banda, podemos falar de arquetipos comúns en todo o universo.

Existían certos motivos históricos como as loitas e as expansións, as cales axudaban a que se producise certo suceso, a mais doutros aínda hoxe en día presentes como

o comercio e as migracións.

Prodúcese pigmentación entre diferentes culturas: En todo momento no que hai un conglomerado de xente, os aspectos culturais propios de cada un expándense, establécense lazos, é imposible pensar que non houbese interacción nunha convivencia común.

O Camiño de Santiago sempre foi un espazo de convivencia. Remontándonos séculos atrás, contemplamos como a cambio de axudar na casa do veciño, podían durmir e comer, cando as hospedaxes e outras paraxes non eran tan abundantes. Por conseguinte, non se converte nunha hipérbole admitir o transvase do compartimento patrimonial producido entre persoas de distintas culturas.

O mito de Breogán, que establece as orixes en Galicia dos celtas irlandeses, é o máis recoñecido polo público. Algúns ritos e crenzas que teñen que ver sobre as

augas repítense: a capacidade de producir curación, ou a de outorgar fertilidade (como o baño das nove andas), son algúns exemplos claros.

Pero hai outra serie de elementos que se ven representados nestes pobos:

Cidades asolagadas: Como Ys ou Lyonesse levan a fama, incluso engloban narracións artúricas. Aspecto que en parte nos lembran xa non a todas as cidades asolagadas que hai en Galicia, se non en concreto á Lagoa de Antela, coa que algún autor tamén recolleu unha lenda artúrica. Polo que non só se establece esa relación entre cidades asolagadas, se non entre elementos paralelos non tan secundarios.

Augas como porta ao inferno: No momento en que cando nos contan sobre nove pozos habitados por demos, evócanos a personaxes míticos considerados demoníacos que teñen relación con este mundo ou gardan portas ao máis alá.

Crenzas e tesouros subterráneos: As fadas na Bretaña francesa, os korrigans, os Leprechauns que posúen tesouros agochados baixo terra. Acción que rememora a moitas historias da relación das mouras

e dos mouros cas/os veciños/as, nas que por mor da avaricia, romper unha promesa... ese tesouro nunca é conseguido. Desta forma, tamén

damos conta sobre a presenza da trabe de ouro, a cal aparece como elemento secundario nalgunha historia como en Escocia.

Relixión: Múltiples narracións nas que o malvado non consegue levar a bo porto o trato coas persoas da terra, resultando vencido polo enxeño popular. Asemade, historias relixiosas como as historias de San Patricio ou a de Saint Pyran en Cornualles, son mostras da pegada relixiosa que sufriron tamén estas terras.

Serpes e monstros mariños: Serpes aladas, dragóns ou mesmo o máis que famoso monstro do Lago Ness, preséntanse noutras culturas.

Concluír aludindo aos múltiples paralelismos entre personaxes que encabezan estas narracións, os cales son expostos en diferentes obras por infinidade estudosos da materia.



Burela contará con nova estación depuradora de augas residuais

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, vén de reabrir o prazo de presentación de ofertas para a redacción do proxecto de construción da nova estación depuradora de augas residuais de Burela, cun investimento de preto de 120.000 euros. Este contrato ten por obxectivo definir as solucións ás deficiencias detectadas na actual estación depuradora e definir o deseño construtivo da nova planta. Deste xeito, os traballos obxecto deste contrato deberán proxectar unha nova instalación que inclúa pretratamento, tratamento biolóxico e desinfección.

A nova planta de tratamento de augas residuais situarase na zona de servizo do porto de Burela, máis en concreto nunha parcela duns 3.500 m² nas inmediacións do novo viario de acceso ao peirao. Neste sentido, ademais do proxecto que se redactará co contrato para o deseño da nova



Porto de Burela en foto de Humberto Pool.

depuradora de Burela, a Xunta está a redactar o proxecto para a mellora do sistema de saneamento do municipio.

Saneamento no Concello

No caso do saneamento, de competencia municipal, o Concello conta cunha rede unitaria moi desenvolvida con graves deficiencias produto da mala xestión das augas pluviais. Deste xeito, aínda que ten separado algunhas redes de pluviais e pequenos mananciais

e regatos que estaban canalizados pola rede de saneamento, están a producirse desbordamentos na rede polo importante caudal de infiltracións na rede, incluso en períodos secos.

Para resolver esta problemática, o proxecto no que traballa a Xunta prevé a instalación dunha estación de tratamento e bombeo de augas residuais na zona portuaria para concentrar o caudal recollido polos colectores da con-

Marquesiña en Foz para usuarios do transporte público



A marquesiña xa está en servizo na estrada LU-152.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade instalou unha marquesiña na estrada LU-152 no concello de Foz, para mellorar o servizo ás persoas usuarias do transporte público. O novo refuxio está situado no lugar de Ver, na parroquia de San Martiño, onde ten parada a liña de autobús que cubre a ruta entre o municipio de Foz e Ferreira do Valadouro.

Esta actuación enmárcase dentro do Plan de mellora de refuxios de paradas dos servizos de transporte público impulsado pola Xunta, que incorpora marquesiñas

elaboradas con madeira de piñeiro e con deseños integrados na paisaxe, con versións adaptadas aos ámbitos rural e urbano.

En toda Galicia serán instaladas 180 novas marquesiñas, o que harmonizará esteticamente este recurso e incrementará a súa funcionalidade, dado que para a elección do deseño tiveronse en conta factores como a transparencia, amplitude, posibilidade de adaptación ou a resistencia. Cumpren as normativas vixentes de prevención de incendios, resistencia de materiais ao lume, actos vandálicos e seguridade viaria.

A Xunta inxectou fondos de cooperación local aos concellos da Mariña

A Xunta de Galicia inxectou no primeiro trimestre do ano 1.275.200 euros ao conxunto dos concellos da Mariña a través do Fondo de Cooperación Local, un orzamento que poden investir nas obras ou servizos que consideren oportunos.

Neste sentido, o delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, explicou que, ao contrario do que ocorre cos programas de subvencións finalistas, estas partidas non están condicionadas ao desenvolvemento dun proxecto ou iniciativa concreta, polo que os municipios poden destinalas ás medidas extraordinarias postas en marcha para frear a expansión do Covid-19.

O fondo abónase a todos os concellos, en doce mensualidades a mes vencido. A contía ingresada no primeiro trimestre inclúe ademais a liquidación do remanente

de exercicios anteriores.

O delegado territorial subliñou que, mediante este programa, a Xunta "amosa un total respecto pola autonomía municipal e unha vontade clara de axudar e de colaborar con todos os concellos, porque o importante é poder dar respostas ás necesidades de todos os veciños e veciñas".

A distribución do Fondo responde a criterios obxectivos pactados coa Federación Galega de Municipios e Provincias, entre os que destacan o número de habitantes -e singularmente de persoas maiores de 65 anos-, a superficie do concello ou a cantidade de núcleos de poboación.

Segundo estes parámetros, a comarca rexistra os datos que se recollen na seguinte táboa. Cómpre lembrar que todos os concellos da zona forman parte do grupo de municipios de menos de 15.000

CONCELLO	IMPORTE
ALFOZ	54.189,15
BARREIROS	66.035,38
BURELA	110.754,38
CERVO	73.225,73
FOZ	144.708,17
LOURENZÁ	51.791,72
MONDOËDO	81.586,71
OURAL	64.691,63
PONTENOVA, A	69.325,24
RIBADEO	150.225,75
TRABADA	50.734,14
VALADOURO, O	63.707,18
VICEDO, O	54.520,02
VIVEIRO	158.188,68
XOVE	81.537,48
TOTAL	1.275.229,36

habitantes excepto Viveiro, que foi o que percibiu a maior contía, 158.200 euros.

Os concellos do Sur recibiron 1,1 millóns de euros no trimestre pasado

A Xunta de Galicia inxectou no primeiro trimestre do ano 1.117.100 euros aos concellos das comarcas de Quiroga, Chantada e Terra de Lemos a través do Fondo de Cooperación Local, un orzamento que poden investir nas obras ou servizos que consideren oportunos. O fondo abónase a todos os concellos, en doce mensualidades a mes vencido. A contía ingresada no primeiro trimestre inclúe ademais a liquidación do remanente de exercicios anteriores.

O delegado territorial subliñou que, mediante este programa, a Xunta "amosa un total respecto pola autonomía municipal e unha vontade clara de axudar e de colaborar con todos os concellos,

porque o importante é poder dar respostas ás necesidades dos veciños".

A distribución do Fondo responde a criterios obxectivos pactados coa Federación Galega de Municipios e Provincias, entre os que destacan o número de habitantes -e singularmente de persoas maiores de 65 anos-, a superficie do concello ou a cantidade de núcleos de poboación.

Segundo estes parámetros, as comarcas do sur lucense rexistran os datos que se recollen na seguinte táboa. Todos os concellos da zona forman parte do grupo de municipios de menos de 15.000 habitantes excepto Monforte de Lemos, que foi o que percibiu a maior contía, 217.800 euros.

A Xunta impulsa a reactivación da obra pública

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, mantivo un encontro con representantes da Asociación Provincial de Empresarios da Construción (Apec) no que puxo de relevo que as medidas activadas pola Xunta buscan moderar o impacto da crise do coronavirus no sector e contribuír a que a recuperación do tecido empresarial sexa o máis rápida posible.

Neste sentido, Balseiro explicou que a Xunta traballa moi especialmente en tres frentes: a reactivación da obra pública e das axudas de rehabilitación; a in-

xección de liquidez ás empresas e autónomos a través da liña de préstamos bonificados e a colaboración loxística para a compra de mascarillas dirixidas a reforzar a seguridade dos traballadores deste sector.

20M€ en obras públicas

Polo que respecta á primeira das medidas, o delegado explicou que a Xunta, retomou obras públicas que supoñen un investimento conxunto que supera o 20 millóns de euros no conxunto da provincia e comprométese a axilizar o pagamento das certificacións de obras xa presentadas. Ademais estuda a recuperación

das liñas de axudas para rehabilitación de vivendas.

No ámbito económico o Igape puxo en marcha unha nova liña para inxectar liquidez a autónomos e pemes coa que se busca mobilizar 250 millóns de euros. A administración autonómica asume o pago da totalidade dos xuros destas operacións, que poden ser de entre 3000 e 200.000 euros e que contan cun prazo de amortización de ata 4 anos, cun ano de carencia.

O encontro serviu para reiterar a necesidade de ter a máxima sensibilidade coas familias afectadas por un expediente de regulación temporal de emprego (ERTE)



Balseiro e representantes dos constructores lucenses.

e nese senso, explicáronse as medidas postas en marcha pola Xunta para axilizar a tramitación destes expedientes e para anticipar o pago das prestacións por desemprego á espera de que o Goberno central as faga efectivas.

A Xunta colaborou coa Apec encargándose da subministración de 30.000 máscaras, entregadas ao mesmo prezo ao que as adquire a administración autonómica. O Goberno galego creou un sistema

centralizado de compra e distribución tras constatar o desabastecemento do mercado e a dificultade das empresas para facerse con estes medios de protección.

“Desde a Xunta sempre se defendeu que á volta á actividade do sector da construción e da obra pública debía facerse en condicións de máxima seguridade para os traballadores. E seguimos comprometidos nese obxectivo”- explicou Balseiro.

A estación de autobuses de Lugo terá nova cuberta

A Xunta de Galicia iniciou ás obras de mellora previstas na estación de autobuses de Lugo, que afectarán principalmente á cuberta e ao saneamento e contan cun orzamento de 28.000 euros. As obras teñen un prazo de execución dun mes e inclúen reparacións na cuberta e no salón comedor do local de hostalería integrado no edificio. En concreto, vanse reparar a tarima e a pintura do comedor e impermeabilizarse a zona da cuberta situada sobre este espazo. Igualmente, realízase unha inspección do estado



do saneamento e vaise substituír o colector de saneamento dos baños da planta baixa así como un treito da acometida á rede xeral. Tamén se executarán arquetas de paso e reporase o solado que se vexa afectado.

Ao mesmo tempo estase a

traballar na elaboración do proxecto básico e de execución da nova estación de autobuses intermodal de Lugo, adxudicado o pasado mes de xaneiro cun investimento de 195.000 euros e un prazo de execución de once meses.

A Xunta moderniza a estación de autobuses de Sarria



Obras na estación de buses.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade retomou as obras de reforma e modernización da estación de autobuses de Sarria, ás que a Administración autonómica destina 124.000 euros. O delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, sinalou que os traballos reinicianse unha vez levantadas as restricións que o Goberno central impuxo ás actividades non esenciais, entre as que estaban incluídas as obras públicas e de construción. O proxecto que agora se reanuda afectará a elementos estruturais, como cubertas, paramentos e pavimentos, e tamén a aseos e outras dotacións e servizos. Balseiro destacou que a actuación servirá para mellorar notablemente a estética e a comodidade da estación.

Entre outros traballos, reali-

zaranse reparacións na cuberta do edificio e da dársena, co cambio de canlóns e de pezas deterioradas, pintaranse os paramentos verticais exteriores e interiores, realizaranse reformas nos aseos, reparacións no falso teito, cambio de carpinterías e mellora do muro de peche.

Tamén se acometerán reformas na instalación eléctrica e nos sumidoiros, substituírse a cantelaría e instalaranse pantallas informativas electrónicas con información de interese sobre os servizos de autobús.

Esta é unha das obras que, polas súas características, pode volver a poñerse en marcha, pero sempre gardando as debidas medidas de protección tanto individual como de organización do traballo para garantir a seguridade dos traballadores e traballadoras.

A estación de autobuses de Ribadeo sigue en obras

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade retomou as obras de remodelación da estación de autobuses de Ribadeo tras o período de suspensión da actividade polo estado de alarma.

A Administración galega destina 140.000 euros a estes traballos, que afectarán a elementos estruturais da estación, como

como cubertas, paramentos e pavimentos; e inclúen melloras na instalación eléctrica e na iluminación, así como nos aseos e noutras dotacións e servizos.

As obras contemplan a mellora do pavimento na zona de circulación dos autobuses, a limpeza de sumidoiros e o acondicionamento das portas exteriores do recinto. Tamén se cambiarán as

luminarias da dársena por outras tipo LED.

No interior do edificio arraxaranse falsos teitos, pintaranse paredes e acondicionaranse os aseos. Ademais, está previsto potenciar a información ós usuarios coa instalación de paneis informativos electrónicos para manter actualizadas as chegadas e saídas dos autobuses.

ÁNIMO

#CandoPaseTodoIsto

Non haberá paseo que perda,
nin horas dabondo para estar xuntos...

GADIS

A Ribeira Sacra será candidata a Patrimonio Mundial da Unesco en 2021

A candidatura da Ribeira Sacra logra finalmente dar o último paso e estar entre as 24 propostas de inscrición elixidas para ser presentada e sometida a estudo e debate na 45ª sesión do Comité do Patrimonio Mundial da UNESCO, que se celebrará en sede aínda por determinar durante 2021. Así lle foi notificado pola UNESCO á Xunta de Galicia.

A paisaxe cultural galega acaba de lograr ser aceptada como a proposta de España para esta sesión, e entra en avaliación para a súa posible inclusión na prestixiosa Lista do Patrimonio Mundial,

sostible para este territorio; agraecendo especialmente a participación das deputacións de Ourense e Lugo, dos concellos da contorna e das diferentes entidades locais, como o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra e o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, entre outras, que, co seu traballo, lograron crear as condicións axeitadas para o desenvolvemento do expediente.

O valor universal excepcional

Neste sentido, cómpre lembrar que a devandita candidatura está baseada nun profundo e importante traballo técnico, impulsado

veuse un movemento ascético de eremitas e anacoretas que ocuparon os vales do Sil e do Miño, que co tempo foi substituído por unha fecunda implantación monacal que chega até os nosos días. Precisamente, esta espiritualidade xoga un papel moi importante na candidatura.

Ademais, este territorio representa tamén un exemplo único do monacato de Occidente e da sacralización do territorio, grazas a uns conxuntos arquitectónicos de extraordinaria singularidade que ilustran 1500 anos de historia. O paso do eremitismo ao monacato e a posterior expansión beneditina deixou un bosque de igrexas que ilustran a riqueza e variedade da arquitectura románica dos séculos XII e XIII.

Á marxe do importante patrimonio cultural e arquitectónico, a Ribeira Sacra tamén é unha paisaxe viva e o máximo expoñente da relación entre home e natureza. Proba dista interacción do ser humano co medio son as monumentais terrazas nas ladeiras dos canóns do Sil e o Miño para a explotación dunha agricultura de subsistencia baseada no policultivo. A esencia desta paisaxe antrópica atopámola con todos os seus matices nos terreos de ribeira e bocarribeira.

O Plan Ribeira Sacra

A maiores do sólido proxecto técnico, desde o Goberno galego impulsouse o Plan Ribeira Sacra. Plan de xestión da paisaxe cultural



Área de Interpretación Turística en Sober (Lugo).



Castelo de Castro Caldelas (Ourense).

da que xa forman parte na nosa Comunidade, a Cidade Vella de Santiago, o Camiño Francés, os Camiños do Norte, a Muralla de Lugo e a Torre de Hércules.

A Xunta de Galicia congratúlase desta boa nova, froito do traballo e esforzo conxunto das administracións e a sociedade civil, e que abre importantes perspectivas de crecemento e desenvolvemento

pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, no que se destaca o valor universal excepcional desta zona en base ao cumprimento dos criterios III, IV, e V das 2017-Operational Guidelines.

A Ribeira Sacra constitúe unha testemuña excepcional da cristianización do Occidente de Europa. Neste territorio desenvol-

2020-2023. Unha ferramenta para o desenvolvemento desta zona e que supón un paso relevante no camiño cara á súa inclusión na lista do Patrimonio Mundial da Unesco.

Trátase dun instrumento de planificación que compromete máis de 34 millóns de euros articulado en sete programas e 35 accións, que se desenvolverán en

25 concellos nos que viven máis de 60.000 persoas. O Plan contempla melloras en eidos como o patrimonio e paisaxe cultural; a ordenación do territorio; a conservación dos valores naturais e medio ambiente; o desenvolvemento económico sustentable, a xestión do turismo; a educación, formación e investigación ou a comunicación e participación.



A Compañía. Colexio Escolapios en Monforte (Lugo).

Turespaña podería restaurar parte da muralla medieval de Monforte

O alcalde monfortino, José Tomei, falou co director de Turismo de España (Turespaña), Óscar López, para facerlle ver a importancia de recuperar a parte da fortaleza propiedade deste organismo. Tomei falou da importancia de que Turespaña asumise a rehabilitación deste tramo, pois cre que serviría para "abrir o camiño a outros

futuros traballos na mesma liña e por en valor dunha vez por todas a única fortaleza medieval que segue en pé en Galicia", destacou.

Turismo de España, que tutela os paradores nacionais, enviou a finais de 2019 a un equipo de especialistas para analizar o estado no que se atopa unha parte da muralla medieval de Monforte, a

que está integrada na contorna do Parador de San Vicente do Pino. A idea é rehabilitar un tramo, o comprendido entre a Torre da Homenaxe e un cubo da muralla que se coñece co nome de Os Cregos.

O equipo de goberno do Concello de Monforte insiste desde o verán de 2017 ante a Consellería de Cultura da Xunta na necesidade de



Parador de Turismo de Monforte de Lemos.

levar a cabo traballos de rehabilitación na muralla, sobre todo apoiándose nun estudo existente desde hai doce anos no que se recolle que hai zonas nas que a in-

tervención non sería excesivamente custosa. Con todo, desde Cultura non se mostraron dispostos a analizar cómo se podería levar a cabo a intervención.